

Vocabulario, gramática, ortografía.tema 8

Gramática:

Piña	Piñota	piñeiro
Fíxate nas palabras anteriores: todas teñen unha parte común (piñ-) porque todas proceden da mesma palabra. Son palabras derivadas.		
As palabras derivadas proceden doutra palabra á que se lle engaden sufixos (-eiro, óta) ou prefixos (a-, des-, pre-, ...)		

Os determinantes: Os posesivos

O **meu** piñeiro encheu as **súas** polas de piñas.

Cando o vento o arrincou, fixemos coa **súa** madeira os **nosos** lavadoiros.

Fíxate: as palabras destacadas son **determinantes posesivos.**

Os posesivos indican a quen pertence o que o nome indica.

Os posesivos levan diante o artigo: o meu piñeiro, as súas polas.

	Un só posuidor		Varios posuidores	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	Meu	Miña	Noso	Nosa
	Teu	Túa	Voso	Vosa
	Seu	súa	Seu	súa

	Meus	Miñas	Nosos	Nosas
Plural	Teus	Túas	Vosos	Vosas
	seus	Súas	Seus	súas

Os determinantes numerais:

Lee:

Atoparemos un mapa dun tesouro enterrado nas fragas do Eume; así que os **catro** amigos saímos na súa procura. En **primeiro** lugar había que dar **vintepasos** adiante, logo **tres** pasos á esquerda e, xa na carballeira, escavar entre a **terceira** e a **cuarta** árbores.

Os numerais expresan un número. Poden ser:

- Cardinais, indican unha cantidade: un, dous, tres, catro, ...
- Ordinais, indican a orde que ocupa: primeiro, segundo, ...

Ortografía: Palabras con lle e con i.

Literatura: A linguaxe da poesía.

As estrelas

A estrela coa que eu soño
brilla coma un diamante,
titila e chíscame o ollo.

Xoán Neira: Xiz de cor, ed. Baía

O sol

Estás quedo, engruñado
na la do teu colchón
unha la de nubeiros
con cariz de trobón.

X. Neira: Cantarolas, ed. Xerais

A poesía ten unha linguaxe especial e, para transmitir maior beleza, utilizan diferentes recursos, como a comparación e a metáfora.

- A **comparación** consiste en dicir que unha cousa é “coma” outra, á que se parece en algo: a estrela brilla coma un diamante.
- A **metáfora** consiste en nomear unha cousa co nome doutra semellante: na la do teu colchón = nas nubes.

A nosa cultura:

Luís Seoane é un dos artistas galegos máis famosos do século XX.

Naceu en Bos Aires (1910) e chegou a Galicia (Arzúa) con seis anos. Foi un gran defensor da

cultura galega, e contribuíu a engrandecer a nosa terra a través do seu labor como pintor,

periodista e poeta. En 1994 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.